

**Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso no corpo auxiliar da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2, escala de persoal de servizos xerais**

**Primeiro exercicio  
Acceso: acceso libre**

**NON abra o exame ata que o tribunal llo indique**



**1.- Cantos artigos contén o título preliminar da Constitución Española de 1978?:**

- a) 9
- b) 8
- c) 7
- d) 10

**2.- Segundo o artigo 2 do título preliminar da Constitución Española de 1978:**

- a) A Constitución fundaméntase na soluble unidade da Nación española, patria común e indivisible de todos os españois, e recoñece o deber á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre todas elas.
- b) A Constitución fundaméntase na indisoluble unidade da Nación española, patria común e divisible de todas as persoas, e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre todas elas.
- c) A Constitución fundaméntase na disoluble unidade da Nación española, patria común e indivisible de todos os españois, e recoñece e garante o dereito á autonomía das comunidades autónomas e rexións que a integran e a solidariedade entre todas elas.
- d) A Constitución fundaméntase na indisoluble unidade da Nación española, patria común e indivisible de todos os españois, e recoñece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre todas elas.

**3.- Segundo o artigo 9 do título preliminar da Constitución Española de 1978:**

- a) Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e eficaces; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.
- b) A Constitución garante o principio de legalidade, a xerarquía normativa, a publicidade das normas, a irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais, a seguridade xurídica, a responsabilidade e a interdición da arbitrariedade dos poderes públicos.
- c) A Constitución garante o principio de legalidade, a xerarquía normativa, a publicidade das normas, a retroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais, a seguridade xurídica, a responsabilidade e a interdición da arbitrariedade dos poderes públicos.
- d) A Constitución garante o principio de legalidade, a xerarquía normativa, a publicidade das normas, a retroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos colectivos, a seguridade xurídica, a responsabilidade e a interdición da arbitrariedade dos poderes públicos.

**4.- O artigo 41 da Constitución Española de 1978 establece especificamente a seguinte declaración sobre o dereito á seguridade social:**

- a) Os poderes públicos manterán un réxime público de seguridade social para todos, que garanta a asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade, especialmente en caso de desemprego. A asistencia e prestacións complementarias serán gratuítas.
- b) Os poderes públicos manterán un réxime mixto de seguridade social para todos os cidadáns, que garanta a asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade, especialmente en caso de desemprego. A asistencia e prestacións complementarias serán voluntarias.
- c) Os poderes públicos manterán un réxime público de seguridade social para todos os cidadáns, que garanta a asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade, especialmente en caso de desemprego. A asistencia e prestacións complementarias serán libres.
- d) Os poderes públicos promoverán un réxime público de seguridade social para todos os cidadáns, que garanta a asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade, especialmente en caso de desemprego. A asistencia e prestacións complementarias serán libres.

**5.- Segundo o artigo 63 da Constitución Española de 1978**

- a) Ó Rei correspóndelle, logo de autorización das Cortes Xerais, declarar a guerra e facer a paz.
- b) Ó Rei correspóndelle, logo de autorización do senado, declarar a guerra e facer a paz.
- c) Ó Rei correspóndelle, logo de autorización do congreso, declarar a guerra e facer a paz.
- d) Ó Rei correspóndelle, logo de autorización do presidente do goberno, declarar a guerra e facer a paz.

**6.- O artigo 139 da Constitución Española de 1978, establece a igualdade dos españois nos territorios do Estado da seguinte maneira:**

- a) Todos os cidadáns teñen os mesmos dereitos e obrigas en calquera parte do territorio do Estado.
- b) Todos os españois teñen os mesmos dereitos e obrigas en calquera parte do territorio do Estado.
- c) Todos teñen os mesmos dereitos e obrigas en calquera parte do territorio do Estado.
- d) Todos teñen os mesmos dereitos e obrigas en calquera parte do territorio do Estado, salvo o dereito ao sufraxio pasivo en certos casos.

**7.- Segundo o artigo 4 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia:**

- a) Os poderes públicos da Comunidade Autónoma asumen, como un dos principios reitores da súa política social e económica, o deber dos galegos a viviren e traballaren na propia terra.
- b) Os poderes públicos da Comunidade Autónoma asumen, como un dos principios reitores da súa política social e económica, o dereito dos galegos a viviren e traballaren na propia terra.
- c) Os poderes públicos da Comunidade Autónoma asumen, como un dos principios reitores da súa política social e cultural, o dereito dos galegos a viviren e traballaren na propia terra.
- d) Os poderes públicos da Comunidade Autónoma asumen, como un dos principios reitores da súa política cultural e económica, o deber dos galegos a viviren na propia terra.

**8.- Segundo o artigo 9 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia:**

- a) Os poderes da Comunidade Autónoma exércense a través do Parlamento, da Xunta e do seu presidente.
- b) Os deberes da Comunidade Autónoma exércense a través do Parlamento, da Xunta e do seu presidente.
- c) Os dereitos da Comunidade Autónoma exércense a través do Parlamento, da Xunta e do seu presidente.
- d) Os poderes da Comunidade Autónoma exércense a través do goberno, da Xunta e do seu presidente.

**9.- Segundo o artigo 10 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, son funcións do Parlamento de Galicia as seguintes:**

- a) Solicitar do Goberno a adopción de anteproxectos de lei e presentar perante a Mesa do Parlamento proposicións de lei.
- b) Solicitar do Goberno a adopción de anteproxectos de lei e presentar perante a Mesa do Congreso dos Deputados proposicións de reais decretos.
- c) Solicitar do Goberno a adopción de proxectos de lei e presentar perante a Mesa do Congreso dos Deputados proposicións de lei.
- d) Solicitar do Goberno a adopción de anteproxectos de lei e presentar perante a Mesa do Senado proposicións de decretos lei.

**10.- Segundo o artigo 12 de la Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia:**

- a) O Parlamento elixirá de entre os seus membros un presidente, a Mesa e unha Deputación Permanente. O Regulamento, que deberá ser aprobado por maioría simple, dispoñerá a súa composición, o seu réxime e o seu funcionamento.
- b) A Xunta de Galicia elixirá de entre os seus membros un presidente, a Mesa e unha Deputación Permanente. O Regulamento, que deberá ser aprobado por maioría absoluta, dispoñerá a súa composición, o seu réxime e o seu funcionamento.
- c) A Xunta de Galicia elixirá de entre os seus membros un presidente, a Mesa e unha Deputación Permanente. O Regulamento, que deberá ser aprobado por maioría simple, dispoñerá a súa composición, o seu réxime e o seu funcionamento.
- d) O Parlamento elixirá de entre os seus membros un presidente, a Mesa e unha Deputación Permanente. O Regulamento, que deberá ser aprobado por maioría absoluta, dispoñerá a súa composición, o seu réxime e o seu funcionamento.

**11.- Segundo o artigo 27 de la Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia: corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva de:**

- a) Vías férreas e estradas non incorporadas á rede do Estado, con itinerarios que se desenvolvan integramente no territorio da Comunidade Autónoma, e, nos mesmos termos, o transporte efectuado por estes medios ou por medio de cables.
- b) Portos pesqueiros.
- c) Entidades cooperativas.
- d) Establecementos farmacéuticos.

**12.- Segundo o artigo 35 de la Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia:**

- a) A Comunidade Autónoma poderá establecer tamén acordos de cooperación con outras comunidades autónomas, logo da aprobación do Consello de Ministros.
- b) A Comunidade Autónoma poderá establecer tamén acordos de cooperación con outras comunidades autónomas, logo da autorización do Consello de Ministros.
- c) A Comunidade Autónoma poderá establecer tamén acordos de cooperación con outras comunidades autónomas, logo de autorización das Cortes Xerais.
- d) A Comunidade Autónoma poderá establecer tamén acordos de cooperación con outras comunidades autónomas, logo da aprobación do presidente da Xunta de Galicia.

**13.- Segundo o artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, considéranse interesados no procedemento administrativo:**

- a) Aqueles cuxos intereses individuais, poidan resultar afectados pola resolución e non comparezan no procedemento en tanto non se ditase resolución definitiva.
- b) Os que, sen teren iniciado o procedemento, teñan intereses que poidan resultar afectados pola decisión que nel se adopte.
- c) Aqueles cuxos intereses lexítimos, individuais ou colectivos, poidan resultar afectados pola resolución e comparezan no procedemento en tanto non se ditase resolución definitiva.
- d) Os interesados con capacidade de obrar.

**14.- Segundo o artigo 15.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos procedementos tramitados polas administracións das comunidades autónomas e das entidades locais, o uso da lingua axustarase ao previsto:**

- a) Na lexislación local correspondente.
- b) Na lexislación europea correspondente.
- c) Na lexislación estatal correspondente.
- d) Na lexislación autonómica correspondente.

**15.- Segundo o artigo 17 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:**

- a) Cada Administración deberá manter un arquivo electrónico mixto dos documentos electrónicos que correspondan a procedementos abertos, nos termos establecidos na normativa reguladora aplicable.
- b) Cada Administración deberá manter un arquivo electrónico único dos documentos electrónicos que correspondan a procedementos en trámite, nos termos establecidos na normativa reguladora aplicable.
- c) Cada Administración deberá manter un arquivo electrónico único dos documentos electrónicos que correspondan a procedementos finalizados, nos termos establecidos na normativa reguladora aplicable.
- d) Cada Administración deberá manter un arquivo electrónico mixto dos documentos electrónicos que correspondan a procedementos sen apertura, nos termos establecidos na normativa reguladora aplicable.

**16.- Segundo cita o artigo 21.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:**

- a) O prazo máximo en que se debe notificar a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento. Este prazo non poderá exceder seis meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un maior ou así veña previsto no dereito da Unión Europea.
- b) O prazo máximo en que se debe notificar a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento. Este prazo non poderá exceder tres meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un maior ou así veña previsto no dereito da Unión Europea.
- c) O prazo máximo en que se debe notificar a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento. Este prazo non poderá exceder dous meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un maior ou así veña previsto no dereito da Unión Europea.
- d) O prazo máximo en que se debe notificar a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento. Este prazo non poderá exceder un meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un maior ou así veña previsto no dereito da Unión Europea.

**17.- O artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas establece o seguinte respecto á estimación do silencio administrativo. Sinala a incorrecta.**

- a) A estimación por silencio administrativo ten para todos os efectos a consideración de acto administrativo finalizador do procedemento.
- b) O certificado que acredite o silencio producido expedirase a instancia do interesado dentro dos dez días seguintes á inscrición da solicitude no rexistro electrónico da Administración ou órgano competente para resolver.
- c) Os actos administrativos producidos por silencio administrativo producen efectos desde o vencemento do prazo máximo en que se debe ditar e notificar a resolución expresa sen que esta se expedise.
- d) Nos casos de estimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior á produción do acto só se poderá ditar se for confirmatoria deste.



**18.- Segundo o artigo 53.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ademais do resto dos dereitos previstos nesta lei, os interesados nun procedemento administrativo teñen os seguintes dereitos: (sinale a incorrecta)**

- a) A identificar as autoridades e o persoal ao servizo das administracións públicas baixo cuxa responsabilidade se tramiten os procedementos.
- b) A actuar asistidos de asesor cando o consideren conveniente en defensa dos seus deberes e obrigas.
- c) A obter información e orientación acerca dos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes impoñan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar.
- d) A actuar asistidos de asesor cando o consideren conveniente en defensa dos seus intereses.

**19.- De conformidade co artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que recurso cabe contra os actos que poñen fin ao proceso administrativo e ante que órgano se interpoñen?**

- a) Recurso de alzada ante o órgano que o emitiu.
- b) Recurso de revisión ante o órgano superior que o ditou.
- c) Recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto.
- d) Contra os actos que esgotan a vía administrativa non cabe recurso administrativo. Axilízase o proceso contencioso-administrativo.

**20.- Segundo o artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as disposicións deste título serán de aplicación:**

- a) Ás corporacións de dereito privado que desenvolvan a súa actividade exclusivamente no ámbito territorial do Estado, no relativo ás súas actividades suxeitas a dereito administrativo.
- b) Ás corporacións de dereito público que desenvolvan a súa actividade exclusivamente no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, no relativo ás súas actividades suxeitas a dereito administrativo.
- c) Ás universidades do Sistema universitario estatal e ás entidades privadas vinculadas ou dependentes destas.
- d) Ás fundacións constituídas polos entes, organismos ou entidades privadas exclusivamente.

**21.- De conformidade co artigo 30 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no ámbito do sector público autonómico, os órganos, os servizos ou as unidades administrativas responsables da transparencia, no caso da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dependerán de:**

- a) Da Secretaría Xeral da Presidencia e da secretaría xeral técnica de cada consellería ou dos órganos de goberno ou executivos equivalentes das entidades instrumentais do sector público autonómico.
- b) Da Dirección Xeral da Función Pública.
- c) Da Dirección Xeral de Avaliación e Simplificación Administrativa.
- d) De tódolos indicados.

**22.- Segundo o artigo 32.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, créase o Comisionado da Transparencia e atribúenselle as súas funcións :**

- a) Ao presidente da Xunta de Galicia.
- b) Ao Valedor do Pobo.
- c) Ao parlamento.
- d) Ao vicepresidente da Xunta de Galicia.

**23.- Segundo o artigo 37 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, non teñen a consideración de altos cargos:**

- a) O persoal eventual que, en virtude de nomeamento legal, exerza funcións de xefatura de gabinete ou xefatura de prensa dos gabinetes da persoa titular da Presidencia da Xunta e dos demais membros do Consello da Xunta de Galicia.
- b) O presidente ou a presidenta do Consello Económico e Social.
- c) As delegadas e os delegados territoriais.
- d) As persoas titulares da sede territorial.

**24.- Segundo o artigo 40 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o cargo de deputado ou deputada no Parlamento de Galicia:**

- a) É compatible en todo caso co exercicio de funcións de alto cargo da Administración xeral da Comunidade Autónoma.
- b) Non é compatible en ningún caso co exercicio de funcións de alto cargo da Administración xeral da Comunidade Autónoma.
- c) Só é compatible co exercicio de funcións de alto cargo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de carácter institucional.
- d) Só é compatible co exercicio de funcións de alto cargo da Administración xeral da Comunidade Autónoma no caso dos membros do Goberno galego.

**25.- De acordo co artigo 43 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os altos cargos non poderán ter, por si ou por persoa interposta, participacións directas ou indirectas superiores:**

- a) a un cinco por cento en empresas mentres teñan concertos ou contratos de calquera natureza co sector público estatal, autonómico ou local, ou reciban subvencións provenientes de calquera Administración pública.
- b) a un sete por cento en empresas mentres teñan concertos ou contratos de calquera natureza co sector público estatal, autonómico ou local, ou reciban subvencións provenientes de calquera Administración pública.
- c) a un dous por cento en empresas mentres teñan concertos ou contratos de calquera natureza co sector público estatal, autonómico ou local, ou reciban subvencións provenientes de calquera Administración pública.
- d) a un dez por cento en empresas mentres teñan concertos ou contratos de calquera natureza co sector público estatal, autonómico ou local, ou reciban subvencións provenientes de calquera Administración pública.

**26.- Segundo o artigo 4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, esta norma NON se aplica ao seguinte persoal:**

- a) Ao persoal funcionario e, no seu caso, aos traballadores de todas as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia.
- b) Ao persoal funcionario e, no que proceda, ao persoal laboral ao servizo das entidades públicas instrumentais vinculadas ou dependentes das entidades locais galegas.
- c) Ao persoal funcionario e, no que proceda, ao persoal laboral ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) Ao persoal funcionario e, no que proceda, ao persoal laboral ao servizo das universidades públicas galegas.

**27.- O artigo 20 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia NON recolle na clasificación dos empregados públicos:**

- a) Ao persoal de dirección.
- b) Ao persoal eventual.
- c) Ao persoal laboral.
- d) Ao persoal funcionario de carreira.

**28.- Como define o artigo 21 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia aos funcionarios de carreira?**

- a) As persoas que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, só realizan funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial, retribuídas con cargo aos créditos orzamentarios consignados para este fin.
- b) As persoas que, en virtude de nomeamento legal, están vinculadas á Administración pública por unha relación estatutaria regulada pola lexislación laboral para o desempeño de servizos profesionais retribuídos con carácter permanente.
- c) As persoas que, por razóns de necesidade e urxencia expresamente xustificadas, son nomeadas en tal condición para o desempeño de funcións propias do persoal funcionario de carreira.
- d) As persoas que, en virtude de nomeamento legal, están vinculadas á Administración pública por unha relación estatutaria regulada polo dereito administrativo para o desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter permanente.

**29.- Segundo o artigo 48 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia**

- a) Nas ofertas de emprego público reservarase unha porcentaxe non inferior ao sete por cento das prazas convocadas para seren cubertas entre persoas con discapacidade. A reserva do mínimo do sete por cento realizarase de maneira que, polo menos o tres por cento das prazas ofertadas o sexa para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual.
- b) Nas ofertas de emprego público reservarase unha porcentaxe non inferior ao cinco por cento das prazas convocadas para seren cubertas entre persoas con discapacidade. A reserva do mínimo do cinco por cento realizarase de maneira que, polo menos o dous por cento das prazas ofertadas o sexa para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual.
- c) Nas ofertas de emprego público reservarase unha porcentaxe non inferior ao sete por cento das prazas convocadas para seren cubertas entre persoas con discapacidade. A reserva do mínimo do sete por cento realizarase de maneira que, polo menos o dous por cento das prazas ofertadas o sexa para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual.
- d) Nas ofertas de emprego público reservarase unha porcentaxe non inferior ao cinco por cento das prazas convocadas para seren cubertas entre persoas con discapacidade. A reserva do mínimo do cinco por cento realizarase de maneira que, polo menos o tres por cento das prazas ofertadas o sexa para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual.

**30.- Segundo o artigo 64 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia NON é causa de perda da condición de persoal funcionario de carreira:**

- a) A renuncia á condición de funcionario.
- b) A xubilación total.
- c) A incapacidade permanente para o exercicio das funcións propias do seu corpo ou escala.
- d) A pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público que teña carácter firme.

**31.- De conformidade co disposto no artigo 65 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, indique a afirmación correcta relativa á renuncia:**

- a) A renuncia á condición de persoal funcionario inhabilita para ingresar de novo na Administración pública.
- b) A renuncia voluntaria á condición de persoal funcionario deberá ser manifestada por escrito e será aceptada expresamente pola Administración en calquera caso.
- c) Non pode ser aceptada a renuncia cando el persoal funcionario estea suxeito a expediente disciplinario ou sexa ditado na súa contra auto de procesamento ou de apertura de xuízo oral pola comisión dalgún delito.
- d) A renuncia voluntaria á condición de persoal funcionario deberá ser manifestada por calquera medio e será aceptada expresamente pola Administración en calquera caso.

**32.- Segundo o artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación coa xubilación do persoal funcionario (sinale a incorrecta)**

- a) A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida.
- b) O persoal funcionario pode solicitar, cunha antelación mínima de tres meses e máxima de catro meses á fecha en que cumpra a idade de xubilación forzosa, a prolongación da permanencia na situación de servizo activo.
- c) A xubilación voluntaria concederase por solicitude da persoa interesada, sempre que reúna os requisitos e as condicións establecidas no réxime da Seguridade Social que lle sexa aplicable.
- d) A xubilación do persoal funcionario pode ser voluntaria, forzosa ou por declaración de incapacidade permanente ou temporal para o exercicio das funcións propias do seu corpo ou escala.

**33.- Segundo o artigo 1 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, NON é principio de actuación da Comunidade Autónoma en materia de igualdade:**

- a) A busca e a eliminación absoluta das discriminacións por razóns de sexo, sexan directas ou indirectas.
- b) A integración da dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na elaboración, execución e seguimento de todas as accións desenvolvidas polo sector público autonómico no exercicio das súas competencias.
- c) A modificación dos patróns socioculturais de conduta de mulleres e homes, con miras a acadar a eliminación dos prexuízos e das prácticas consuetudinarias baseadas na idea de inferioridade ou superioridade de calquera dos sexos
- d) O establecemento da responsabilidade compartida entre homes e mulleres no desenvolvemento das tarefas domésticas e familiares.

**34.- De acordo co disposto no artigo 2 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a situación en que se produce calquera comportamento verbal, non verbal ou físico non desexado de índole sexual, co propósito ou o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un ambiente intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo,**

- a) É acoso moral.
- b) É acoso sexual.
- c) É unha situación de discriminación indirecta.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

**35.- Segundo o artigo 3 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, en que consiste a excepción de boa fe ocupacional?**

- a) No que respecta ao acceso ao emprego, non constituirá discriminación unha diferenza de trato baseada nunha característica relacionada co sexo cando, debido á natureza das actividades profesionais concretas ou ao contexto en que se leven a cabo, a devandita característica constitúa un requisito profesional esencial e determinante, sempre e cando o seu obxectivo sexa lexítimo e o requisito proporcionado.
- b) No que respecta ao acceso ao emprego, unha diferenza de trato baseada nunha característica relacionada co sexo sempre constituirá unha discriminación aínda que responda a razóns obxectivas relacionadas coa natureza das actividades.
- c) No que respecta ao acceso ao emprego, unha diferenza de trato baseada nunha característica relacionada co sexo nunca constituirá discriminación se se realiza de boa fe, independentemente de que sexa allea á natureza das actividades profesionais.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

**36.- O artigo 4 do Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, indica que as medidas especiais para acelerar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres:**

- a) Non se consideran discriminatorias e na práctica poden implicar regulacións separadas.
- b) Non se consideran discriminatorias, e en ningún caso estas medidas poden implicar, como consecuencia práctica, o mantemento de regulacións separadas.
- c) Non se consideran discriminatorias e na práctica poden implicar regulacións separadas a favor do sexo feminino se obxectivamente é necesario.
- d) Non se consideran discriminatorias e na práctica poden representar as necesarias normas separadas na busca da igualdade efectiva.

**37.- Segundo o artigo 8 do Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, sinale a resposta correcta:**

- a) Os regulamentos con repercusión en cuestións de xénero elaborados pola Xunta de Galicia poderán incluír, antes da súa aprobación, a emisión dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo órgano competente en materia de igualdade. O dito informe non será vinculante.
- b) Os regulamentos con repercusión en cuestións de xénero elaborados pola Xunta de Galicia tamén exixirán, antes ou despois da súa aprobación, a emisión dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo órgano competente en materia de igualdade. O dito informe será vinculante.
- c) Os regulamentos con repercusión en cuestións de xénero elaborados pola Xunta de Galicia tamén exixirán, antes da súa aprobación, a emisión dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo órgano competente en materia de igualdade. O dito informe será vinculante.
- d) Os regulamentos con repercusión en cuestións de xénero elaborados pola Xunta de Galicia tamén exixirán, antes da súa aprobación, a emisión dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo órgano competente en materia de igualdade. O dito informe non será vinculante.

**38.- Segundo o artigo 11 do Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, que se entende por uso non sexista da linguaxe?**

- a) Evitar o uso de expresións de linguaxe despectivas, degradantes, humillantes ou ofensivas do sexo feminino.
- b) A utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras, correctas ou non, que invisibilizan o feminino ou o sitúan nun plano secundario respecto do masculino.
- c) Evitar o uso dunha linguaxe con expresións aparentemente neutras que coloquen ao sexo feminino nunha situación de especial desvantaxe fronte ao masculino.
- d) Ningunha é correcta.



**39.- O artigo 2 do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, indica que a situación na que se encontra unha persoa con discapacidade cando é tratada de maneira menos favorable que outra en situación análoga a causa da súa discapacidade**

- a) É discriminación directa.
- b) É discriminación indirecta.
- c) É discriminación por asociación.
- d) É acoso.

**40.- O artigo 3 do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, NON inclúe entre os seus principios:**

- a) A vida independente.
- b) A non discriminación.
- c) O dialogo social.
- d) A accesibilidade universal.

**41.- De conformidade co artigo 4.3 do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, sinale a resposta correcta respecto á acreditación do grao de discapacidade:**

- a) realizarase nos termos establecidos legalmente e terá validez en todo o territorio nacional.
- b) realizarase nos termos establecidos regulamentariamente e terá validez en todo o territorio nacional.
- c) realizarase nos termos establecidos legalmente e non terá validez en todo o territorio nacional.
- d) realizarase nos termos establecidos regulamentariamente e non terá validez en todo o territorio nacional.

**42.- De conformidade co artigo 6.1 o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, o exercicio dos dereitos das persoas con discapacidade realizarase de acordo co seguinte principio:**

- a) liberdade na toma de decisións.
- b) igualdade na toma de decisións.
- c) liberdade de oportunidades.
- d) igualdade de oportunidades.

**43.- Segundo o artigo 63 do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, cando se produza discriminación directa ou indirecta por motivo ou por razón de discapacidade, entenderase que:**

- a) Se vulnera o dereito á normalización das persoas con discapacidade.
- b) Se vulnera o dereito á igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade.
- c) Se vulnera o dereito á inclusión social das persoas con discapacidade.
- d) Se vulnera o dereito á accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

**44.- O artigo 76 do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, establece que as persoas xurídicas legalmente habilitadas para a defensa dos dereitos e intereses lexítimos colectivos,**

- a) Actuarán, a instancia do Ministerio Fiscal, en tódolos procesos relacionados coa defensa do dereito á igualdade de oportunidades de carácter individual ou colectivo.
- b) Poderán actuar nun proceso en nome e interese das persoas que así o autoricen, coa finalidade de facer efectivo o dereito de igualdade de oportunidades, defendendo os seus dereitos individuais.
- c) Só poden actuar nun proceso en nome e interese das persoas para facer efectivo o dereito á igualdade de oportunidades mediante a defensa de intereses colectivos.
- d) Non poden actuar en ningún caso neste procedemento. A defensa do dereito á igualdade de oportunidades de carácter colectivo está reservada a órganos especializados.

**45.- Segundo o artigo 3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais e o seu ámbito de aplicación (sinale a incorrecta):**

- a) Nos centros e establecementos militares será de aplicación o disposto na presente lei, coas particularidades previstas na súa normativa específica.
- b) Nos establecementos penitenciarios, adaptaranse á presente lei aquelas actividades cuxas características xustifiquen unha regulación especial.
- c) A presente lei non será de aplicación naquelas actividades cuxas particularidades o impidan no ámbito das funcións públicas das Forzas Armadas e actividades militares da Garda Civil.
- d) A presente lei será de aplicación aos servizos operativos de protección civil e peritaxe forense en calquera caso.

**46.- Segundo o artigo 4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, para cualificar un risco desde o punto de vista da súa gravidade:**

- a) Avaliarase a probabilidade de que se produzan danos á vista das instalacións de traballo.
- b) Valorarase inicialmente a probabilidade de que se produza o dano e logo a lesión xerada no lesionado para proceder á cualificación.
- c) A probabilidade de que ocorra un dano avaliarase considerando o uso de equipos o produtos potencialmente perigosos.
- d) Valoraranse conxuntamente a probabilidade de que se produza o dano e a súa severidade.

**47.- Segundo o artigo 6 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, quen se encargará de regular os procedementos de avaliación dos riscos para a saúde das persoas traballadoras?**

- a) A Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- b) O Comité de Seguridade e Saúde.
- c) O Goberno.
- d) O Servizo de Prevención respectivo.

**48.- Segundo o artigo 15 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, cal dos seguintes NON é un principio da acción preventiva a aplicar por parte do empresario?**

- a) Adoptar medidas que antepoñan a protección colectiva á individual.
- b) Ter en conta a evolución da ciencia.
- c) Adaptar o traballo á persoa.
- d) Avaliar os riscos que non se poidan evitar.

**49.- Segundo o artigo 22 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, a vixilancia do estado de saúde dos traballadores será obrigatoria cando:**

- a) O traballador non preste o seu consentimento.
- b) Así se estableza no plan de prevención.
- c) Sexa imprescindible para avaliar os efectos das condicións de traballo sobre a saúde dos traballadores.
- d) Cando debido á actividade da empresa, así se considere oportuno polo empresario, previo acordo cos Delegados de Prevención d correspondente Comité de Seguridade e Saúde Laboral.

**50.- De conformidade co artigo 28 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, sinala a resposta INCORRECTA en relación coas relacións de traballo temporais, de duración determinada e en empresas de traballo temporal:**

- a) Terán dereito ao control periódico do seu estado de saúde, nos termos establecidos nesta lei e as súas normas de desenvolvemento.
- b) Gozan do mesmo nivel de protección en materia de saúde e seguridade que o resto de traballadores da empresa na que prestan servizos.
- c) En todo caso, recibirán a formación suficiente e adecuada ás características do posto a cubrir, tendo en conta a súa cualificación e experiencia profesional e os riscos aos que estarán expostos.
- d) Nas relacións laborais a través dunha empresa de traballo temporal, esta última será responsable das condicións de execución do traballo en todo o relacionado coa protección da seguridade e saúde das persoas traballadoras.

**51.- En relación cos aspiradores de vapor:**

- a) Combinan as vantaxes do aspirado en húmido coa limpeza en vapor, non poden recoller pequenos restos sólidos do pavimento, límpalo con vapor e, en ningún caso, secalo.
- b) Combinan as vantaxes do aspirado en húmido coa limpeza en vapor, poden recoller pequenos restos sólidos do pavimento, límpalo con vapor e, en ningún caso, secalo.
- c) Combinan as vantaxes do aspirado en seco coa limpeza en vapor, poden recoller pequenos restos sólidos do pavimento, límpalo con vapor e, por último, secalo.
- d) Combinan as vantaxes do aspirado en seco coa limpeza en vapor, non poden recoller pequenos restos sólidos do pavimento, límpalo con vapor e, por último, secalo.

**52.- Das seguintes máquinas cal se corresponde coa que, de maneira simultánea, rocía unha solución química con presión sobre a área a tratar facendo que o produto eleve a sucidade, a cal é inmediatamente enxaugada a través de inxectores de auga quente, e aspirada:**

- a) Aspiradora cepilladora.
- b) Aspiradora de vapor.
- c) Rotativa.
- d) Máquina de inxección-extracción.

**53.- O produto específico hardbrill úsase para:**

- a) A limpeza de mobles de madeira.
- b) A limpeza de equipos informáticos.
- c) A limpeza de mobles tapizados.
- d) A limpeza de mobles de madeira maciza.

**54.- Cando se usa algún produto que humedece a superficie a limpar, por exemplo, ao pasar unha mopa polo chan impregnada dun produto específico que atrape o po, referímonos a:**

- a) Limpeza seca.
- b) Limpeza húmida.
- c) Limpeza Croll.
- d) Limpeza Newton.

**55.- Cal dos seguintes é un chan procedente de pedras artificiais?:**

- a) Chan de granito.
- b) Chan de formigón fraguado.
- c) Chan de formigón rústico.
- d) Chan de baldosas de cerámica.

**56.- Cal das seguintes non é unha sucidade non soluble?:**

- a) Graxa.
- b) Proteínica.
- c) Colorantes de óxido de ferro.
- d) Sales inorgánicas.

**57.- Dos seguintes materiais, cal se corresponde con aquel que é moi sensible aos acedos, pouco resistente aos disolventes e alcalinos e é resistente á auga?:**

- a) Cemento.
- b) Granito.
- c) Mármore.
- d) Terrazo.

**58.- Que é a “plonge”?**

- a) Zona de limpeza onde se lava a vaixela e outros utensilios que usan os clientes.
- b) É un sector de limpeza de potas e do resto de material usado na cociña.
- c) É a cámara/almacén para depositar os residuos orgánicos.
- d) É o cuarto onde se preparan e limpan os alimentos para ser cociñados.

**59.- As operacións de lavado mecánico non manual do material de cociña constan dunhas etapas ou fases que seguen unha orde concreta. Destas fases, o aclarado:**

- a) Vai antes da aplicación de solucións (produtos químicos).
- b) Vai inmediatamente a continuación da aplicación de solucións (produtos químicos).
- c) Vai inmediatamente a continuación do prelavado.
- d) Vai inmediatamente a continuación do secado.

**60.- O aceite usado nunha cociña industrial de colectividade:**

- a) Levarase ao punto limpo do concello.
- b) Levarase ao punto Sigre máis próximo.
- c) Contratarase unha empresa dedicada á recollida de aceites usados.
- d) Levarase ao colector verde.

**61.- Segundo o artigo 4 do Real Decreto 1021/2022, de 13 de decembro, polo que se regulan determinados requisitos en materia de hixiene da produción e comercialización dos produtos alimenticios en establecementos de comercio polo miúdo, respecto ás temperaturas de refrixeración dos distintos produtos alimenticios. Sinale a incorrecta:**

- a) As carnes de aves de curral, de lagomorfos, de caza menor silvestre e de ratites: Igual ou inferior a 4 °C.
- b) Preparados de carne: Igual ou inferior a 4 °C.
- c) Carne picada: Igual ou inferior a 4 °C.
- d) Produtos de pastelería recheos (salvo que sexan estables a temperatura ambiente): Igual ou inferior a 4 °C.

**62.- Segundo o artigo 30.8 do Real Decreto 1086/2020, de 9 de decembro, polo que se regulan e flexibilizan determinadas condicións de aplicación das disposicións da Unión Europea en materia de hixiene da produción e comercialización dos produtos alimenticios e regúlanse actividades excluídas do seu ámbito de aplicación, en relación cos operadores que elaboren ou sirvan comidas preparadas, deberán dispor de comidas testemuña que representen as diferentes comidas preparadas servidas ás persoas consumidoras diariamente, para posibilitar a realización dos estudos epidemiolóxicos que, no seu caso, sexan necesarios. Cal non deberá dispor de comidas testemuña?:**

- a) Residencias de maiores, centros de día, comedores escolares, escolas infantís, hospitais, campamentos infantís ou outras colectividades similares.
- b) En comedores colectivos (institucionais, de empresa, etc., que teñan un menú común).
- c) Para medios de transporte.
- d) Por encargo para grupos ou eventos de menos de 40 persoas.

**63.- Segundo o artigo 30.10 do Real Decreto 1086/2020, de 9 de decembro, polo que se regulan e flexibilizan determinadas condicións de aplicación das disposicións da Unión Europea en materia de hixiene da produción e comercialización dos produtos alimenticios e regúlanse actividades excluídas do seu ámbito de aplicación, cal é o peso mínimo que deben ter as comidas testemuña?**

- a) 50 gramos.
- b) 100 gramos.
- c) 150 gramos.
- d) 200 gramos.

**64.- Segundo o artigo 5.2 do Regulamento (CE) nº 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello de 29 de abril de 2004 relativo á hixiene dos produtos alimenticios, cal dos seguintes non é un principio do APPCC?**

- a) Detectar calquera perigo que deba evitarse, eliminarse ou reducirse a niveis aceptables.
- b) Detectar os puntos de control crítico na fase ou fases nas que o control sexa esencial para evitar ou eliminar un perigo ou reduciilo a niveis aceptables.
- c) Os operadores de empresa alimentaria colaborarán coas autoridades competentes de conformidade con outras disposicións aplicables da lexislación comunitaria ou, se estas non existisen, do dereito nacional.
- d) Establecer medidas correctivas cando a vixilancia indique que un punto de control crítico non está controlado.

**65.- Cando estamos a vestir unha mesa no comedor, utilizamos diferentes pezas de lencería, en relación ao “cubremantel”:**

- a) É a peza de papel ou de plástico que colocamos cubrindo o mantel entre servizo e servizo para que non se cubra de po.
- b) É unha peza de tea que se coloca sobre o mantel para protexelo de manchas e sucidade, que unha vez colocado colgará como mínimo 15 cm.
- c) É unha peza de tea, a modo de funda, nas que gardamos os manteis para que este non se manche.
- d) É a peza de tea que cobre os manteis na zona onde se almacenan os manteis.

**66.- Como sería unha “montaxe imperial” no comedor?**

- a) A distribución da cadeira e as mesas forman unha “U” ou ferradura, situando aos participantes na parte exterior das mesas, cun cadrado baleiro no centro, deste xeito, os dous extremos da ferradura quedarán enfrontados, podendo debater con facilidade entre eles ou escoitar calquera presentación. Adoita utilizarse para asembleas, debates e reunións.
- b) As mesas forman un cadrado, deixando no medio un espazo libre.
- c) Mesas redondas, dado que permite unha perfecta comunicación entre os comensais ao estar todos á mesma distancia do centro.
- d) As cadeiras distribúense ao redor dunha única mesa, a cal pode ser de diferentes formas, as máis comúns son a rectangular e a ovalada, é recomendable que o ancho da mesa non sexa maior a 1.50 metro para facilitar a comunicación entre os participantes.

**67.- Cando un cliente quérenos comunicar que terminou, como ha de ter colocados os cubertos no prato?:**

- a) Os cubertos déixanse en paralelo entre eles, e en perpendicular respecto ao bordo da mesa co mango cara ao corpo do comensal.
- b) Os cubertos déixanse en paralelo entre eles e respecto ao bordo da mesa co mango cara ao lado esquerdo.
- c) Os cubertos déixanse encima do prato, en forma dun ángulo de 90 graos ou en pico.
- d) Os cubertos déixanse encima do prato, en forma dun ángulo de 60 graos ou en pico.



**68.- En relación cos tensioactivos que son un dos compoñentes dun deterxente:**

- a) Os aniónicos son ideais en augas duras.
- b) O non aniónicos favorecen a formación de espuma.
- c) Os anfóteros son desinfectantes.
- d) Os catiónicos favorecen a formación de espuma e son desinfectantes.

**69.- A máquina sinxela para pasar o ferro roupa plana, axudada dun sistema de rodetes denomínase:**

- a) Maniquí.
- b) Tren de repasado.
- c) Introdutor.
- d) Mangle.

**70.- Dos seguintes, sinale cal é un álcalis:**

- a) Perborato sódico.
- b) Polifosfatos.
- c) Tripolifosfatos.
- d) Fosfato trisódico.

**71.- Atendendo a unha das clasificacións dos alimentos. Aqueles que nos ofrece a natureza sen unha excesiva manipulación, salvo as tarefas de sementeira, cultivo e recolección, como é o caso de certos produtos vexetais (froitas, verduras, hortalizas, cereais, etc). Reciben o nome de:**

- a) Alimentos naturais basales.
- b) Alimentos naturais ordinarios.
- c) Alimentos naturais simples.
- d) Alimentos naturais complexos.

**72.- O valor enerxético dos principais nutrientes son:**

- a) Hidratos de carbono 6 Kcal/gramo, proteínas 6 Kcal/gramo, lípidos 10 Kcal/gramo, alcohol 9 Kcal/gramo.
- b) Hidratos de carbono 8 Kcal/gramo, proteínas 8 Kcal/gramo, lípidos 8 Kcal/gramo, alcohol 8 Kcal/gramo.
- c) Hidratos de carbono 2 Kcal/gramo, proteínas 2 Kcal/gramo, lípidos 6 Kcal/gramo, alcohol 6 Kcal/gramo.
- d) Hidratos de carbono 4 Kcal/gramo, proteínas 4 Kcal/gramo, lípidos 9 Kcal/gramo, alcohol 7 Kcal/gramo.

**73.- Cal dos seguintes alimentos é considerado un “alimento funcional”?**

- a) Alimentos light.
- b) Alimentos hiposódicos.
- c) Alimentos probióticos.
- d) Alimentos de primeira gama ou xeración.

**74.- Na planificación de menús para (comensais/ usuarios/ residentes) celíacos non debemos incluír:**

- a) Arroz.
- b) Millo.
- c) Tapioca.
- d) Espelta.

**75.- Entendemos por nutrición:**

- a) O conxunto de procesos involuntarios e inconscientes que comprenden a dixestión, a absorción e a utilización de principios alimenticios inxeridos.
- b) O conxunto de procesos voluntarios e conscientes que comprenden a dixestión, a absorción e a utilización de principios alimenticios inxeridos.
- c) O conxunto de procesos voluntarios e conscientes que comprenden a catálisis dos alimentos.
- d) O conxunto de procesos voluntarios e inconscientes que comprenden a degradación dos principios alimenticios que imos inxerir.

**76.- Cando falamos de actitudes referentes ao descanso infantil e mencionamos a importancia de coñecer os seus hábitos de soño-vixilia. A que nos estamos referindo?:**

- a) Á importancia que ten o tempo que pasa esperto o neno ata a hora para comer.
- b) Ao ciclo natural de alternancia entre un estado de repouso con diminución da conciencia e da resposta de estímulos externos, e o estado de estar esperto e consciente.
- c) Aos hábitos que ten o neno xusto antes de durmirse, onde temos que estar vixiantes.
- d) Ao comportamento do neno inmediatamente despois de espertarse.

**77.- A actividade física é un compoñente esencial dun estilo de vida saudable para os/as nenos/as, pode axudar aos nenos/as a manterse sans agora e no futuro. Canto tempo deben facer actividade física os/as nenos/as cada día?:**

- a) Os nenos deben facer actividade física polo menos 60 minutos ao día. Este tempo de actividade física pode ser dividido en bloques máis pequenos de tempo, como 10 minutos de actividade física despois de cada comida.
- b) Os nenos deben facer actividade física polo menos tres horas ao día. Este tempo de actividade física pode ser dividido en bloques máis pequenos de tempo, como 1 hora de actividade física despois de cada comida.
- c) Os nenos deben facer actividade física durante todo o día . Este tempo de actividade física pode ser mesmo durante as comidas, non necesitando estar en repouso en ningún momento.
- d) Os nenos non deben ter unha actividade física estable. Este tempo de actividade física pode variar moito dun día a outro debido a que o seu ritmo vital é tamén moi inestable.

**78.- Os accidentes constitúen a primeira causa de morte infantil. Os accidentes máis comúns na infancia son:**

- a) Caídas, queimaduras, picaduras de insectos, accidentes domésticos e accidentes de tráfico.
- b) Golpes de calor, cortes na cabeza, mordeduras doutros nenos, accidentes no ámbito escolar.
- c) Caídas no patio do colexio, enfermidades respiratorias pola contaminación, dermatitis cutáneas polo contacto coa flora dos parques.
- d) Atragantamientos, intoxicacións por mor de meterse as mans na boca , afogamentos en piscinas.

**79.- A partir de que idade os pais poden empezar a ensinar aos nenos/as hábitos básicos de hixiene?:**

- a) Desde que nace e ata os dous anos.
- b) Ata os cinco anos o neno non ten conciencia da hixiene.
- c) A partir do seis anos, cando os nenos son capaces de seguir ordes.
- d) A partir dos dous anos que o neno empeza a ser consciente do seu corpo.

**80.- Cando debe empezarse a cepillarse os dentes do neno/a?:**

- a) Non será imprescindible ata que o/a neno/a teña os dentes definitivos.
- b) Cando o/a neno/a teña conciencia do seu propio corpo, isto ocorre sobre os dous anos.
- c) Cando o/a neno/a coma sólido.
- d) Tan pronto como lle saian os primeiros dentes. Isto adoita ocorrer entre o seis e os doce meses de idade.

## **PREGUNTAS DE RESERVA**

**81.- De conformidade co artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cal dos seguintes actos non pon fin á vía administrativa?**

- a) As resolucións dos recursos de alzada.
- b) Os acordos, pactos, convenios ou contratos que teñan a consideración de finalizadores do procedemento.
- c) En todo caso, as resolucións dos órganos administrativos que carezan de superior xerárquico.
- d) A resolución administrativa dos procedementos de responsabilidade patrimonial, calquera que for o tipo de relación, pública ou privada, de que derive.

**82.- Segundo o artigo 22 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, a competencia dos órganos xurisdiccionais en Galicia esténdese:**

- a) No plano penal e social, a todas as instancias e graos incluíndo os recursos de casación e de revisión.
- b) No plano civil, a todas as instancias e graos, incluídos os recursos de casación e de revisión nas materias de dereito civil galego.
- c) No plano contencioso-administrativo, a todas as instancias e graos en todo caso cando se trate de actos ditados pola Xunta e a Administración de Galicia.
- d) Todas son correctas.

**83.- Segundo o artigo 4 do Real Decreto 1021/2022, de 13 de decembro, polo que se regulan determinados requisitos en materia de hixiene da produción e comercialización dos produtos alimenticios en establecementos de comercio polo miúdo, las froitas cortadas ou peladas, vexetais cortados ou pelados e zumes non pasteurizados listos para o seu consumo e elaborados no comercio polo miúdo manteranse a unha temperatura interna de refrixeración igual ou inferior a 4 °C. No entanto, establécese unha excepción para os melóns, sandías, piñas e papaias cortadas pola metade ou en cuartos que se poderán manter a temperatura ambiente (20 – 25 °C) durante un tempo máximo, despois de realizar o corte, de:**

- a) 2 horas e transcorrido este tempo estas froitas colocaranse nun expositor refrixerado, manténdose así ata a súa venda.
- b) 3 horas e transcorrido este tempo estas froitas colocaranse nun expositor refrixerado, manténdose así ata a súa venda.
- c) 4 horas e transcorrido este tempo estas froitas colocaranse nun expositor refrixerado, manténdose así ata a súa venda.
- d) 5 horas e transcorrido este tempo estas froitas colocaranse nun expositor refrixerado, manténdose así ata a súa venda.

**84.- O proceso polo que a auga pasa por unha membrana semipermeable, dende unha solución máis concentrada en sales disoltos ou outros contaminantes a unha solución menos concentrada chámase:**

- a) Floculación.
- b) Descalcificación.
- c) Osmose inversa.
- d) Filtración.

**85.- En relación coas vitaminas, sinala a incorrecta:**

- a) A vitamina “B1” ou tiamina atópase en carnes, cereais, patacas e leguminosas.
- b) A vitamina “B6” ou riboflavina. É moi sensible á luz pero resistente á calor. A súa carencia provoca problemas oculares, da pel e cicatrización lenta. Atópase en verduras de folia verde exclusivamente.
- c) A vitamina “B12” ou antianémica, estimula o crecemento e o apetito, sendo abundante no fígado, riles e carne de pito.
- d) A vitamina “K” ou antihemorráxica chámase así porque a súa carencia provoca hemorraxias. Atópase en graxas animais, aceites vexetais, tomates, verduras, etc.

